



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 05/05/2012.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D^a María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D^a María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D^a Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

- D. Manuel Varela Mecías.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do día cinco de maio de dous mil doce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinteseis de abril do presente ano dous mil doce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta en primeiro lugar da Resolución da Alcaldía, de data do 04/05/2012, mediante a que se aproba a liquidación do orzamento do Concello correspondente a 2011. Polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, expóñense as cifras máis salientables dese documento, do que se darán explicacións detalladas na comisión informativa que se convocará próximamente para dictaminar a Conta Xeral de 2011.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Dase conta de seguido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión do pasado día 02/05/2012, de solicitude á Consellería de Traballo e Benestar da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal correspondente a 2012, en base ó establecido no Capítulo VIII do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, especificando que os importes a incluír nesa solicitude aínda non se concretaron, xa que non foi posible polo momento, debido a dificultades técnicas da aplicación informática para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais.

A Corporación queda enterada do contido da Resolución e do acordo de que se trata.

TERCEIRO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dase conta polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, do fundamento legal deste tipo de acordos de recoñecemento extrajudicial, excepcións ó principio xeral de anualidade presupostaria, e das súas causas, explicando os dous pagamentos que se aprobarían mediante este expediente, e indicando que sendo preciso cargar estes gastos ó presuposto corrente, poder facer falla con posterioridade algún incremento da consignación existente nas partidas correspondentes.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Os pagos ós que afecta o presente expediente, recollidos nos informes de Secretaría e Intervención obrantes no expediente e que son os seguintes:

- O de redacción dun estudo xeotécnico encargado polo Concello para incorporar ó proxecto para a construción do ximnasio municipal, ó que corresponde a factura 08.0979, de data do 16/09/2008 expedida por CYE Control y Estudios, S.L., con CIF B15393689, por un importe total, IVE engadido, de 3.038,39 euros. Na partida presupostaria composta polo área de gasto 1 e o artigo 22 da clasificación económica, por importe de 3.038,39 euros, existe nesta data consignación suficiente para o referido gasto correspondente á factura expedida por CYE Control y Estudios, S.L.

- O correspondente a indemnizacións por utilización do repertorio da "Sociedad General de Autores y Editores", dos anos 2006 e anteriores, por importe de 7.015,51 euros, segundo recoñecemento expreso de débeda acordado pola Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 16/10/2006. Na partida presupostaria composta polo área de gasto 3 e o artigo 22 da clasificación económica, por importe de 7.015,51 euros, existe nesta data consignación suficiente para o referido gasto correspondente á indemnizacións á SGAE.

Toma a palabra brevemente o Sr. López Loureiro, para clarear se os gastos serán aboados con cargo a partidas do presuposto de 2012, respostándosele polo Sr. Soto que efectivamente,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

previa la aprobación deste expediente que se está a debatir, e que existe crédito suficiente, como queda dito.

O Sr. Márquez di que o ocorrido coa factura do estudo xeotécnico é debido á inactividade da empresa emisora da mesma, que non fixo xestión algunha en máis de tres anos para acadar o pago. O Sr. Soto di que é así, pero que está comprobado que o traballo se fixo e que a factura non está prescrita, polo que é preciso o seu aboamento.

O Sr. Alcalde interven brevemente para dicir que a tramitación destes expedientes é rutinaria, insistindo en que no caso do pago á SGAE, existe un recoñecemento expreso desa débeda pendente dende 2006 e que ademáis se trata de dereitos correspondentes a actuacións aínda anteriores, algunhas do ano 2001.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación ó expediente de que se trata e recoñecer extraxudicialmente os referidos créditos, ordeando o seu aboamento con cargo ás partidas presupostarias indicadas no informe de Intervención existente no expediente.

CUARTO. ACORDOS RELATIVOS AO MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta da moción presentada en relación con este asunto polo BNG e rexistrada de entrada con data do 30/04/2012, que o Sr. Soto seguidamente le e que literalmente di:

“O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos. a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrencia é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida as prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.
- c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.
- d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP."

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Di ademais o Sr. Soto que o Consello Consultivo indicou que o Decreto é contrario ó ordenamento xurídico por carecer de informe xurídico e por non darse audiencia previa ás deputacións e concellos, afectados polas modificacións na financiación, que se discrimina ós veciños dos concellos de menos de 20.000 habitantes, e que isto engádese ós recortes xa realizados en 2010 e 2011, que determinaron en parte o resultado negativo da liquidación do orzamento do Concello para 2011. Di tamén que é necesaria a sinatura dun convenio entre Xunta e Deputación para recoller as transferencias económicas que poidan evitar o desastre que vai supor para moitos concellos, sobre todo en zonas maioritariamente rurais, a modificación nas ratios de financiación destes servizos. Finalmente, resalta a repercusión negativa que terá nos usuarios o incremento do copago para non dependentes no servizo de axuda no fogar, que pode chegar ó 90% do custe, cando antes non superaba o 65%.

O Sr. López Loureiro, que toma a palabra de seguido, da lectura ó seguinte texto relativo ó asunto:

"É totalmente falso que a Xunta de Galicia deixe sen subvención para axuda no fogar aos concellos de Galicia.

O novo decreto establece un cambio no que antes se coñecía como Plan Concertado, precisamente para dar resposta ás demandas dos concellos que pedían unha axilización do financiamento e para dar cumprimento á normativa que establecía a Lei de Administración Local e a Lei de Servizos Sociais e que ata o de agora non se atopaba desenvolvida.

O que se fai neste decreto é definir claramente a competencia de cada administración.

Cabe recordar que existen dúas modalidades de Servizo de Axuda no Fogar (SAF): para dependente e a básica. Con novo decreto, a Xunta seguirá subvencionando a axuda no fogar para dependentes de todos os concellos, teñan o número de habitantes que teñan. Ademais, axilízase o financiamento destas axudas, que pasan a cobrarse de xeito trimestral.

O único cambio que se establece neste novo decreto é o que se realiza para desenvolver a Lei de administración local e a Lei de Servizos sociais, que establecen que as deputacións deben colaborar economicamente e prestar asistencia técnica aos concellos, especialmente aos de



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

menos de 20.000 habitantes. Neste sentido, no decreto establécese que as deputacións apoiarán principalmente o financiamento do SAF básico e do resto de persoal –isto é, aqueles que non sexan traballadores sociais, que xa financia a Xunta- dos concellos de menos de 20.000 habitantes.

En absoluto se deixan estes servizos ao financiamento propio dos mesmos concellos, senón que se establece claramente que é a deputación quen debe colaborar no seu financiamento, tal e como ademais establece a Lei.”

Interven seguidamente o Sr. Márquez, para dicir que se trata doutra actuación na liña de recortes da Xunta, esta vez agravada pola discriminación hacia os veciños dos concellos pequenos, e entre uns e outros veciños polo seu nivel de renda, e lamenta o peloteo que veñen facendo co asunto Xunta e Deputación, sen concretar a parte dos custes que asumirán cada unha delas.

O Sr. Soto interven novamente para centrar o asunto en dous temas: a modificación pola Xunta do reparto de competencias en perxuízo dos concellos e sen aportar financiación e a situación na que quedan os usuarios, que dependerá dos recursos económicos cos que conte o concello en que viven, e da súa posibilidade de aportar maiores cantidades ó mantemento dos servizos sociais que xa non se financiarán pola Xunta. Ó final, esta reforma repercutirá nunha maior exclusión social das persoas con menores recursos, agora nos servizos sociais pero pronto tamén na sanidade.

O Sr. López Loureiro insiste en que se manterán as axudas para o servizo de axuda no fogar; o Sr. Soto pregunta como se vai facer se agora a Xunta soamente pagará o salario da traballadora social, e o Sr. López Loureiro di que tamén haberá unha aportación da Deputación Provincial.

O Sr. Alcalde toma a palabra de seguido para dicir que do que se trata é de instar á Xunta a negociar as modificacións normativas en materia de competencias compartidas, aínda que a Fegamp tampouco parece estar facendo nada útil nese sentido. Di que isto é o pleno do Concello e que o Sr. López Loureiro está a defender a outra administración, cando o Decreto di claramente que o Concello debe modificar a ordenanza fiscal e que os veciños terán que pagar máis; que o liberalismo a ultranza non resolve os problemas e que a teoría do déficit cero non fai máis que empeorar as cousas. Di que os veciños dos concellos pequenos teñen os mesmos dereitos que os demais, e que en materia de servizos sociais é básica a prevención, e non chega coa atención primaria, como sucede coa supresión das prazas de educadores familiares.

O Sr. Soto insiste en que por culpa destes recortes é negativo o resultado orzamentario de 2011, e o Sr. López Loureiro di que é necesario recortar en todo, e que deberán pagar máis os que teñan ingresos máis altos. O Sr. Alcalde di que eso xa se está a facer, pero que agora pagarán máis todos.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos seis concelleiros presentes do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción presentada polo BNG.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

QUINTO. ACORDOS RELATIVOS Á PROTECCIÓN DAS PERSOAS AFECTADAS POLA COLOCACIÓN MASIVA DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.

Dase conta da moción presentada en relación con este asunto polo BNG e rexistrada de entrada con data do 30/04/2012, que o Sr. Soto seguidamente le e que literalmente di:

“Nos últimos meses persoas de todos os concellos de Galiza, entre eles o noso, están denunciado a comercialización irregular de participaci3ns preferentes por parte das entidades financeiras pola falta de transparencia na súa colocaci3n.

As participaci3ns preferentes son un produto de investimento moi complexo, cun risco elevado. Trátase de valores que non teñen liquidez inmediata, para os que non existe garantía sobre o capital investido, onde o consumidor pode ter perdas.

Esa colocaci3n masiva de participaci3ns preferentes tivo como obxectivo a miles de clientes particulares, non familiarizados cos investimentos financeiros, que non eran informados debidamente das características destes produtos nin dos seus riscos, e en especial da escasa ou nula liquidez e da perpetuidade deste produto. Como resultado deste proceso, ao non comunicar ás persoas interesadas as advertencias necesarias dos riscos que entrañan estes produtos financeiros, as persoas afectadas -na súa maioría aforradores con historial carente de investimentos arriscados, que case sempre rendibilizaran os seus aforros coa contrataci3n de dep3sitos bancarios ou investimentos simples a determinado prazo fixo- est3n a comprobar agora, pola negativa das entidades financeiras, a imposibilidade de recuperar o diñeiro investido.

A Comisi3n do Mercado de Valores (CNMV) advertiu en 2009 que non se trataba dun produto financeiro id3neo para a colocaci3n no tramo comerciante polo miúdo, entre pequenos e medianos aforradores. Con todo, durante 2010 e 2011 continuaron estas emisi3ns como forma de mellorar os cocientes de solvencia das entidades financeiras, sen cumprirse a normativa de protecci3n de consumidores de produtos financeiros, que no caso de clientes minoristas concrétanse na realizaci3n de tests personalizados de conveniencia co fin de asegurar se responde as necesidades e características dos clientes destinatarios.

A presente moci3n pretende esixir das autoridades competentes, tanto da Xunta de Galiza -dado que moitas emisi3ns foron emitidas polas extintas caixas de aforro antes da súa conversi3n en Nova Galicia Banco-, como do Goberno do Estado, que proporcionen unha soluci3n satisfactoria ao problema descrito da colocaci3n de participaci3ns preferentes entre pequenos aforradores, que debe pasar pola devoluci3n íntegra do nominal investido nestes títulos sen rebaixa de ningún tipo e, con vistas ao futuro, pola observancia estrita da normativa de protecci3n de consumidores de produtos financeiros.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporaci3n municipal a adopi3n do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protecci3n dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

normativa, co fin de que podan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posíbel.

2. Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediatamente o investimento realizado.

3. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que demanden do Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) a emprender unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores. "

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro, que toma a palabra de seguido, da lectura ó seguinte texto relativo ó asunto:

"Esta moción propón modificar o sentido do texto que se aprobou por unanimidade das 3 forzas políticas no Parlamento de Galicia o pasado mes de febreiro, que foi ratificado no Debate do Estado da Autonomía e que é:

Apoiar ás persoas afectadas polas Participacións Preferentes nas súas legais reclamacións e prestar información ás mesas a través dos servizos municipais.


É certo que o fondo desta moción é un tema ben delicado e tampouco se pode obviar o innegable desequilibrio que se produce na relación xurídica entre as entidades financeiras e os aforradores-subscritores galegos. O PPdeG quere aportar solucións a un problema complexo como é a defensa dos máis febles nesta situación.

É un produto financeiro que foi comercializado como se fosen Obrigacións (produto de renda fixa con vencemento e rendibilidades establecidas), pero que na práctica xuntan todos os inconvenientes dos investimentos de alto risco e ningunha das vantaxes perseguidas de principio.

O PPdeG, sempre solidario coas situacións persoais, debe atender ao interese xeral de que se consiga a recuperación íntegra do investimento realizado.

Compre lembrar que a competencia da Administración Galega sobre as entidades financeiras está restrinxida ás Caixas de Aforros e que estas xa non operan no mercado financeiro polo que non hai capacidade real de intervención cando se fala de Bancos.

Hai que subliñar que non se pode pretender desgastar nin intentar crear ou exixir responsabilidade políticas por unha práctica que ten coma orixe única as entidades financeiras, engadindo que das 8 emisións de Participacións Preferentes, 5 foron entre os anos de goberno bipartito (2005-2009).



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Dirixíndose directamente ás entidades financeiras xeradoras do problema para instalas a solucionar o demandado polos aforradores galegos no prazo máis curto posible. Poñendo a disposición dos afectados os recursos da Administración en materia de consumo, no ámbito da súa competencia.”

Toma a palabra o Sr. Márquez, para dicir que o problema prantéxase para os pequenos aforradores, sendo indiferente quen gobernase no tempo en que se venderon estas participacións, e que se trata dunha cuestión de confianza nas entidades financeiras, un tema no que a actitude desas entidades está a ser impresentable, e remata solicitando que se devolva ós aforradores o depositado nesas participacións.

O Sr. Soto interven de seguido para dicir que a Comisión Nacional do Mercado de Valores é a entidade reguladora, e ten competencias na materia, e que xa no 2009 advirteu que estes produtos non eran idóneos para pequenos aforradores. No ámbito galego, a Xunta, que ten competencias en materia de consumo, debería actuar a través do Instituto Galego de Consumo, sen penalizar políticamente a ninguén, pero asumindo as competencias que lle corresponden. O Sr. López Loureiro di que a Xunta ten habilitadas nos concellos oficinas de consumo, e o Sr. Soto di que esas oficinas son dos concellos, non da Xunta.

Toma a palabra de seguido o Sr. Alcalde, para dicir que diante deste “corralito”, a Xunta ten quer exercer competencias, ou esixilas se non as ten, e que foi a Xunta do PP quen liquidou o instrumento público co que se contaba para actuar diante deste tipo de feitos. Remata o debate o Sr. Soto indicando que os mil trescentos millóns de euros de aforradores galegos rematarán nas arcas de Bankia ou do Santander.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos seis concelleiros presentes do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a moción presentada polo BNG.

SEXTO. ACORDOS SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Dase conta polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, de que o Real Decreto aprobado o 30 de decembro, ó que o BNG é contrario por reducir a autonomía dos concellos e por impor a conxelación salarial para os empregados públicos, obriga a incrementar o tipo do IBI dos bens urbanos nun 10%, que no caso de San Sadurniño aplicárase sobre o tipo aprobado no 2007, por ser a vixente ponencia de valores anterior ó 2002, resultando un tipo do 0,605% para 2012. Aínda que o seu grupo está en contra dese aumento, propón a modificación da ordenanza para evitar confusións e erros e para que calquera poida comprobar o tipo realmente aplicable. Di tamén que as razóns alegadas polo goberno para adoptar esta medida están relacionadas



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

coa existencia dun déficit maior do previsto polo anterior goberno, que acada o 8%, e pola necesidade de mellorar a recadación dos concellos, afectados pola minoración dos ingresos tributarios e a necesidade de devolver parte do entregado a conta por ese concepto.

O Sr. López Loureiro di que aínda que non guste, se é preciso haberá que subir algúns impostos.

O Sr. Márquez di que non acepta esta medida, que nos sitúa nun círculo vicioso no que ó final tódolos axustes acaba recaíndo nos cidadáns, en forma de máis recortes.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, votan favorablemente a proposta os tres concelleiros do PP, producíndose sete abstencións, dos seis concelleiros presentes do BNG e o do PSOE.

O Secretario pide a palabra para indicar que os acordos de aprobación ou modificación de ordenanzas fiscais requiren o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, é dicir, un mínimo de seis votos favorables, polo que non pode adoptarse acordo válido algún con menos de eses seis votos. O Sr. Alcalde pregunta cal será en consecuencia o tipo aplicable ó imposto de que se trata, respostándose polo Secretario que será igualmente o indicado no Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, que establece de maneira directa os tipos de gravamen para 2012 e 2013 do Imposto de Bens Inmóbles para os de carácter urbano.

URXENCIA. Antes de pasar ó sétimo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión. Non habendo propostas neste sentido, pásase de seguido ó debate dos rogos e preguntas.


SÉTIMO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Márquez pregunta, en relación coas bases para a concesión de bolsas escolares e axudas para gastos de conciliación da vida laboral e familiar de 2012 aprobadas polo Pleno no mes de marzo, cando se vai consensuar a relación dos servizos que posibiliten a conciliación de que se trata, como fora acordado.

O Sr. Alcalde resposta que efectivamente está pendente esa cuestión, pero que ata a data soamente presentouse unha solicitude relacionada, para unha escola infantil, polo que de momento non resultou preciso acadar ese consenso.

Pregunta seguidamente o Sr. Márquez por unha información aparecida no Novas, relativa a melloras na limpeza de camiños e pistas municipais, concretamente qué melloras se prevén respecto ós desbroces de anos anteriores.

O Sr. Alcalde resposta que se trata de facer máis eficiente o servizo, para que se poida realizar con menos cartos, debido ás restriccións orzamentarias que está sendo preciso aplicar, sobre todo optimizando as datas de realización dos traballos nas diferentes parroquias e tratando de reducir o custe en combustible da maquinaria municipal. É preciso facer un



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

importante traballo de explicación á xente da necesidade de recortar gastos nalgúns servizos, o mesmo que co tema dos apagados selectivos do alumeadado público para tratar de compensar o recente incremento do 7% nas tarifas. Di tamén que deste tema xa se falou cos traballadores do Concello que realizan as labores de desbroce.

O Sr. Márquez insiste en que se o que se pretende é facer unha soa limpeza ó ano, cando antes se facían dúas e ata tres nalgúns casos, as queixas dos veciños vanse incrementar, xa que moita xente apenas recibe outros servizos ademáis do alumeadado público e a limpeza das pistas.

A Sra. Calvo interven para dicir que en calquera caso, o clima destas últimas semanas obrigou a retrasar o inicio dos traballos. O Sr. Alcalde di tamén que se está á espera da resolución da solicitude de contratación de traballadores co programa anual de cooperación, no que se solicitou un chófer para tratar de evitar a contratación do servizo a unha empresa. A Sra. Calvo remata decindo que non ten sentido comezar o traballo cando aínda non é necesario, e que aínda que se prevé actuar sobre as mesmas 140 hectáreas que o ano pasado, as condicións climatolóxicas sempre condicionan o calendario a aplicar.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

